

## O MEU PAI



Este é o meu pai. Chámase Xurxo e ten corenta e nove anos. Vive en Vigo.

É alto e delgado. Ten o pelo curto, liso e de cor castaña e os ollos negros.

Traballa nun hospital, é médico.

Estes días ten moito traballo porque hai

moitas persoas enfermas. O meu pai sempre as coida ben.

Cando non traballa e está con nós na casa, encántalle xogar ao fútbol e ao baloncesto comigo.

Tamén lle gusta cocinar. A comida que mellor lle sae é a empanada de zamburiñas e berberechos. Está boísima !

O meu pai quéreme moito e preocúpase por min.

Estes días sempre me pide que faga dúas cousas moi importantes: que lave as miñas mans moitas veces ao día e que procure non tocarme a cara, porque o coronavirus pode entrar no meu corpo polo nariz, pola boca e polos ollos.

Eu xa me estou coidando moito, e espero que vós tamén o fagades.

## RESPONDE A ESTAS PREGUNTAS

1) Como se chama o pai?

---

2) Cantos anos ten?

---

3) Onde vive?

---

4) De que cor son os seus ollos?

---

5) A que se adica?

---

6) Onde traballa?

---

7) A que lle gusta xogar?

---

8) Cal é a comida que mellor lle sae?

---